



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 60/142

FORMACIÓN DO PLAN AO QUE SE REFIRE O ARTIGO 21 DA LEI ORGÁNICA 2/2012

Liquidación Orzamento, Grupo Concello de Vigo: Ano 2018

Incumprimentos: Obxectivo de Estabilidade e Regra de Gasto.

Plan Económico Financeiro: Sen medidas

Órgano Municipal competente para a súa aprobación: Pleno da Corporación.

Órgano que ostenta a tutela financeira para a súa aprobación: Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Remisión: Ministerio de Facenda, plataforma co aplicativo PEFEL2.

Por Resolución da Alcaldía-Presidencia da data de sinatura electrónica que consta no mesmo, en virtude do Decreto da delegación de competencias de 19 de xuño de 2015, ao obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira,

RESOLVO

Que pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria, se formule o Plan para a súa aprobación polo Pleno da Corporación e remisión ao Ministerio de Facenda na plataforma habilitada ao efecto e á Xunta de Galicia para a súa aprobación, por ostentar a tutela financeira outorgada pola Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tendo en conta as circunstancias excepcionais e atípicas que orixinan o desequilibrio imputable ao ano 2018, e que non supón un incumprimento estrutural nin é un gasto proxectable a exercicios futuros, o plan terá o carácter formal, sin medidas adicionais máis alá da súa formulación.

O devandito plan, someterase a informe do Sr. Interventor Xeral ou terá a súa conformidade.

A tramitación e sometemento da súa aprobación polo Pleno, deberá ser na mesma sesión na que se de conta da Liquidación do Orzamento do ano 2018.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA: Jaime Aneiros Pereira
(Delegación, Resolución Alcaldía de 19/06/2015)

